

CADERNOS A NOSA TERRA

DE PENSAMENTO E CULTURA

Nº 4 - XULLO 1989

75 PTA.

1789 A FRÁNCIA QUE COMOVEU O MUNDO





Deputados do 3º Estado

ILUSTRACIÓN E REVOLUCIÓN, O PROBLEMA HERMENÉUTICO.

■ JOSÉ MANUEL BERMUDO

Gostariame defender a tese de que nen os ilustrados foron revolucionarios nen estes ilustrados. E engadir que a reacción, a restauración, no foi nen o un nen o outro, perdéndose ambas e dúas na marxinalidade, como tantas outras ideas arrincadas á historia. Esta tese pode argumentarse, e de feito así o fixemos en diversas ocasións, con métodos moi diferentes: comparando textos e documentos, mostrando o rexeitamento sistemático da Revolución polos Ilustrados e da Ilustración polos revolucionarios, etc.. Aquí consideramos adecuado defendela tomando como plataforma o problema hermenéutico. Pois se durante máis dun século o tópico se mantivo polo escaso coñecemento da "idea" da Revolución e do "l'esprit des lumières", na actualidade o seu soporte principal reside na dificultade de substituír unha interpretación fundada na concepción marxista da historia. Deste xeito a revisión do

tópico da relación entre Ilustración e Revolución converteuse nun proceso de hermenéutica marxista, o cal ideolóxizou o debate. O tema complicouse ao "nacionalizarse" en grande medida, estruturándose a polémica en torno ás dúas liñas, a francesa e a anglosaxona, a primeira con autores de metodoloxía e ideoloxía marxista e a segunda con pensadores máis empiristas e liberais.

A interpretación hexemónica da Revolución Francesa foi formulada con brillantez por George Lefebvre e continuada case sen fendas polos historiadores franceses. Non podía ser doutro xeito. O seu famoso ensaio *Quatre-vingt-neuf* (1939) era máis que un estudo histórico. Publicábase o mesmo ano en que se conmemoraba o 150 aniversario da Revolución, o mesmo ano en que estalaba a Segunda Guerra Mundial. Era un texto de combate. O goberno de Vichy prohibiuno: Robert R. Palmer traduciu ao inglés (*The co-*

ming of the French Revolution, 1947); e cando morre Lefebvre no 1959 xa tiña vendido máis de 40.000 exemplares.

A tese de Lefebvre pode resumirse así: a Revolución Francesa expresa a liquidación do feudalismo e a consolidación do capitalismo a meio do aceso da burguesía ao poder político, tras séculos de afianzamento no poder económico, co apoio da hexemonía da ideoloxía burguesa, fundamentada polo movemento ilustrado. Mudanzas estruturais (da propiedade da terra á propiedade mobiliaria) e ideolóxicos (filósofos e economistas) protagonizados pola burguesía levan a esta á Revolución, que se condensa na conquista da igualdade civil: as mesmas leis para todos, as mesmas taxas, as mesmas oportunidades para acceder aos cargos, as mesmas vantaxes de calquer forma de propiedade.

Ainda que distingue "catro" revolu-

Gostame defender

a tese de que os

ilustrados non

foron

revolucionarios nen

estes ilustrados

As nacionalizacións dos bens do clero, o 2 de Novembro do 1789, significaron o fin da imensa riqueza territorial do Primeiro orde



cións (a aristocrática forzando os Estados Xerais; a burguesa, impondo a Asamblea Nacional; a popular, dos traballadores urbanos, coa toma da Bastilla; a labrega, tras o 4 de Agosto, impondo o fin do feudalismo) o eixo central e a dirección final do proceso corresponde á burguesía, clase obxectivamente revolucionaria e organicamente ligada ao capitalismo triunfante.

A tese marxista

A tese, encadrada na teoría marxista da historia, ten un indubidábel atractivo filosófico e causou un forte impacto⁽¹⁾. O momento era apropiado para un relato épico nacional, e contábase co apoio institucional, pois Lefebvre era titular da cátedra de Historia da Revolución Francesa na Sorbona, feito que favoreceu poderosamente o afianzamento da súa tese. Estaba, ademais, o prestixio de Lefebvre neste terreo.⁽²⁾

Por outro lado, apóiase en traballos máis empíricos de prestixiosos historiadores franceses, como Ernest Labrousse⁽³⁾ e sobretudo Albert Mathiez, quen tiña morto prematuramente no 1932. Nas primeiras décadas do século, Mathiez (*La révolution française*) tentaba explicar a Revolución desde un nivel

meramente político. O Antigo Réxime, nas súas derradeiras décadas, tiña sido próspero, non había miséria, vivíase mellor, estíbese mellor alimentado e medraba a instrución. Os problemas económicos era pontuais e dentro dunha liña de crecemento. A Revolución debía explicarse como "rebelión da burguesía", que se sabía económica e socialmente rica e forte e sentiase politicamente débil.

A tese da burguesía suxeito revolucionario ía ben trabada coa dos filósofos ilustrados ideólogos da burguesía. Segundo Mathiez-Lefebvre, os escritores estenderon os gostos, valores, ideas e obxectivos da burguesía, combatindo á Igrexa e esboroando a relixión, que servían de instrumentos ao Antigo Réxime. E como dá unha grande importancia á Igrexa na súa función de articuladora do Estado e da sociedade civil no Antigo Réxime, indirectamente otorga un papel revolucionario principal aos filósofos ilustrados: eles, xerando a "crise da conciencia relixiosa", promoveron a "conciencia de rebelión". Por tanto, as condicións xa estaban dadas: faltaba a ocasión. Pero, como se sabe, as "causas próximas" importan pouco á filosofía.

A mesma tese pode atoparse na maioría de estudosos franceses (Jean Jaurès, Taine, P. Hazard, D. Momet, Godechot, C. Mazauric, etc.), concretándose en ver na ilustración a "ideoloxía da burguesía". Trátase de pór a ilustración como conceitualización dos ideais burgueses de racionalidade, pragmatismo, individualismo, ideoloxía do mérito... é dicir, que os filóso-

fos ilustrados recollerían a "mentalidade burguesa", conceitualizaríana e, convertida en doutrina filosófica, devólvenlla á burguesía, a súa clase, para darlle conciencia, programa e argumentos coherentes para a súa defensa. A ilustración non sería a "causa" da Revolución, pero si o "Programa" e a "Conciencia" do suxeito revolucionario, da burguesía.

Os estudos máis recentes, como os brillantes traballos de Albert Goldwin⁽⁴⁾ ou Albert Seboul⁽⁵⁾, aportaron poucas novidades ao respecto, aparte do esforzo especulativo por conseguir que as pezas encaixen nun modelo moi abstracto da revolución. Seboul segue moi de perto a Lefebvre no seu esquema. Para el "a burguesía francesa do século XVIII elaborou unha filosofía que correspondía ao seu pasado, ao seu papel e aos seus intereses..." "A filosofía da ilustración substituíu a idea tradicional da vida e da sociedade por un ideal de benestar social, fundado na crencia nun progreso indefinido do espírito humano e do coñecemento científico."

Esta liña interpretativa será comparada por algúns filósofos non franceses, pero sempre con posicións político-filosóficas próximas ao marxismo, como N. Hampson e M.J. Sydenham.⁽⁶⁾

O mito Revolución francesa

O mérito de erguerse contra esta interpretación dominante corresponde a Alfred Cobban, profesor de Historia en Londres. O seu *The Myth of the French Revolution*⁽⁷⁾ constituíu o aviso máis audaz, sério e directo á tese de Lefebvre. Interpretar a Revolución Francesa como o tránsito do Feudalismo ao Capitalismo ou, cousa que en rigor non é o mesmo, á sociedade burguesa, era un "mito" segundo Cobban. O feudal tiña desaparecido desde séculos atrás e a "burguesía" que participou na Revolución non era esa burguesía comercial e industrial, proprie-

(4). *The French Revolution*, Londres, 1953.

(5). *Précis d'histoire de la Révolution française*, Paris, 1962, 2 vols.).

(6). Ver de N. Hampson, *A Social History of the French Revolution*, Londres, 1963; *The First European Revolution 1776-1815*, 1969; y *The French Revolution: a Concise History*, 1975; de M.J. Sydenham *The French Revolution*, Londres, 1965, onde segue de perto a Lefebvre e a Momet.

(7). (Londres, 1955), reimpresso na súa obra *Aspects of the French Revolution* (Londres, 1968) e a súa *A History of Modern France* (Londres, 1957).

(1). Ver B.F. Hyslop, "Recent Work on the French Revolution", *American Historical Review* (1492), 489-90.

(2). Especialmente polas súas obras *Les Paysans du Nord pendant la Révolution française* (Lille, 1924, 2 vols.), *La grande Peur de 1789* (Paris, 1932).

(3). *Esquisse du mouvement des prix et des revenus en France au XVIII^e siècle* (Paris, 1933, 2 vols.) e *La Crise de l'économie française à la fin de l'Ancien Régime et au début de la Révolution* (Paris, 1944).

A tese da burguesía

suxeito

revolucionario ía

ben trabada coa

dos filósofos

ilustrados

ideólogos da

burguesía

De esquerda a dereita, e de arriba a embaixo: Voltaire, Montesquieu, Robespierre e Condorcet

taria do capital mobiliario, é dicer, a burguesía "capitalista", que describe o esquema de Lefebvre. Na Asemblea Nacional só o 13% eran comerciantes fronte a un 65% de oficiais e leguleiros.

A tese de Cobban sostén que os plebeios (ou burgueses) enriquecidos, e aínda ennobrecidos, constituían cos nobres, moitos deles transformados en homes de negocio, unha clase comun, complexa, de "notábeis", con problemas internos, pero cun entendemento no fundamental. Xunto a eles existía un sector social numeroso de oficiais, administradores, maxistrados e avogados..., que levaban o peso da administración do Estado e, en troques, non vían compensada a súa tarefa nen económica nen socialmente. Estes serían os descontentos: tiñan mercado os cárragos, ás veces máis dunha vez, e non resultaban xa rendábeis. Portanto, a Revolución Francesa sería fruto desa "burguesía decadente", non en ascenso, non orgánica ao capitalismo, senón como resíduo do Antigo Réxime. Non eran "antifeudais"; non eran "emblemas do capitalismo".

O mesmo Cobban, anos despois, en *The Social Interpretation of de French Revolution*⁽⁸⁾, ratifícase nas súas teses: a burguesía revolucionaria foi o sector de oficiais e leguleiros, non o sector económico; os labregos foron quen se opuxeron frontalmente aos privilexios aristocráticos; a Revolución Francesa retrasou o desenvolvemento do capitalismo, foi contra o capitalismo...

A respecto da Ilustración, Cobban reconece unha influencia esporádica, puntual e contraditoria. No fondo ven dicer que hai coincidencias entre os ilustrados e os revolucionarios, pero non exaustivas, e que non faltan diverxencias e oposicións que esixen o rexeitamento da tese da inspiración da Revolución na filosofía ilustrada. O programa ilustrado non se parece ao revolucionario: máis aínda, a *Revolución fíxose contra a Ilustración (History of modern France, 96-109)*. Aceita que influiu na época das reformas, no 1770, pero non na Revolución, o cal é coherente coa súa tese xeral segundo a cal a Ilustración inspirou certos sectores sociais de "notábeis" na liberalización do Estado, a racionalización dos costumes e o afianzamento económico, pero non a Revolución porque ese

(8). (Cambridge, 1964).



sector non foi suxeito revolucionario.⁽⁹⁾

A partir de Cobban, outros moitos reforzaron esta tese⁽¹⁰⁾, se ben sería G.V. Taylor⁽¹¹⁾ quen máis brillantemente a defenderá. Taylor insiste con razón en que os *Cahiers* non son ilustrados, nen sequer filosóficos; tamén a ten cando di que a *Declaración de Dereitos* contén ideas familiares aos ilustrados xunto con outras estranas a eles. E conclúe que, se os *Cahiers* son conservadores, a ideoloxía revolucionaria foi engadida tras as votacións de representantes dos Estados Xerais na primavera do 1789: unha ideoloxía engadida e non asumida nen comprendida por moitos deles.

Na mesma dirección alinéanse traba-

(9). Ver tamén *The French Revolution: Conflict or Continuity*, N.Y. 1791.

(10). Ver J. Kaplow (ed.) *New Perspectives on the French Revolution*, Readings in Historical Sociology, N.Y. 1965, e A. Daumard-F. Furet, *Structures et relations sociales à Paris au milieu du XVIII^e siècle*, Paris, 1961, e especialmente Elinor G. Barber, *The Bourgeoisie in 18th. Century France*, Princeton, N.Y., (1955). Todos insisten en que a burguesía capitalista non participou en política, que estaba dividida, que non actuou como clase.

(11). *Provincial Magistrates and Revolutionary Politics in France, 1789-1795*, Cambridge, Mass. 1972.

llos como os de G. Richard, Colin Lucas, G. Chaussinand-Nogaret, etc..⁽¹²⁾. E tamén non faltaron terceiras vías, algunhas sumamente enxeñosas.

Por exemplo, a tese de Godechot⁽¹³⁾ que vendo no século XVIII diversas manifestacións insurreccionais (Xenevra, americanas, Países Baixos, Francia) e pacíficas (Gran Bretaña), e incluso movementos nese senso en Rusia e Irlanda, fala dunha "Revolución Atlántica". O interese para a nosa reflexión provén de que, se é así, os filósofos non son protagonistas, senón accidentes. Non obstante, Godechot, como bon francés, non pode deixar de destacar a pegada dos filósofos, aínda que a diversos niveis: a teoría do pacto, división de poderes e aristocratismo en Locke e Montesquieu; a Monarquía ilustrada, reformista, en Voltaire e Fisiócratas; o igualitarismo en Morelly e Rousseau. Ou sexa, todo é derivábel da Ilustración; o diverso e oposto fun-

(12). G. Richard, *Noblesse d'affaires au XVIII^e siècle*, Paris, 1974; Colin Lucas, *Une histoire des Elites, 1700-1848*, Paris, 1975; G. Chaussinand-Nogaret, *La Noblesse au XVIII^e siècle. De la féodalité au lumières*, Paris, 1976.

(13). Francia y la Revolución Atlántica del Siglo XVIII. 1770-1799.

A tese sobre o

carácter

revolucionario da

burguesía pode e

debe interpretarse

matizadamente

dacordo con

recentes datos

empíricos

diase na Revolución.

Tamén J.L. Talmom⁽¹⁴⁾ ve nas luces a orixe do diverso, en concreto, das democracias liberal e totalitaria. Ambas nacen xuntas e coexisten. A "liberal" entende a política como ensaio e erro, consensos, equilibrios; a "totalitaria" enténdea como instalación da verdade, da moralidade, co espírito mesiánico. A "liberal" escinde a política, a economía, a ética, a relixión...; a "totalitaria" subsume estas naquela. En fin, a primeira expresa cepticismo; a segunda dogmatismo. As dúas derivan das Luces, di Talmon. E esta idea, potencialmente fecunda, é desaproveitada pola superficialidade dos coñecimentos de Talmon sobre a Ilustración. Así, cando situa na liña da democracia totalitaria a Morelly, Mably, Condorcet, Helvétius, d'Holbach, Rousseau... Robespierre, Babeuf, limitase a alinear aos máis radicais en filosofía (materialismo) e política (igualitarismo).

Achegando posicións teóricas

Este é o panorama do debate. A interpretación dominante da Revolución, a "francesa", apóiase en catro teses: a) a Revolución é a liquidación do feudalismo e a instauración definitiva do capitalismo; b) a burguesía foi o axente histórico da Revolución; c) a Ilustración foi a ideoloxía burguesa revolucionaria; e d) o contido principal da revolución foi a conquista da igualdade civil.

Semella óbvio que as dúas primeiras teses da nosa proposta, a saber, que os ilustrados non foron revolucionarios e que a Revolución non asumiu os contidos das Luces, teñen serias implicacións nos contidos básicos de dita "interpretación dominante". Aparentemente implica ou ben que a ilustración non era "burguesa" ou que, se o era, a burguesía non era unha clase revolucionaria, ou ben ambas e dúas cousas. Semella, pois, un ataque frontal, próximo á posición de Cobban. Non obstante, pensamos que máis ben se trata dunha revisión "heterodoxa" do enfoque marxista, que pode asumir boa parte dos contidos das teses de Cobban sen perder a súa esencia e gañando en potencia explicativa. Coidamos que, en boa medida, a confrontación entre ambas liñas procede da distancia lingüística e que se poden introducir

(14). Rise of Totalitarian Democracy, Boston, 1952.



Reimpresión da revista do "Padroado da Cultura Galega de México", (1959-68) coas plumas máis importantes dos últimos tempos do galeguismo: Ramón Otero Pedrayo, F.L. Cuevillas, D. García Sabel, Celso Emilio Ferreiro, F. Fernández del Riego, Fermín Bouza Brei, R. Carballo Calero, Ramón Piñeiro, X.L. Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Anxel Fole, Manuel María, Xoana Torrs... e as ilustracións dos mellores pintores e deseñadores: Arturo Souto, Conde Corbal, J.J. de Dios, X. Quessada, Maside, L. Seoane, Díaz Pardo, Raimundo Patiño, X. Pousa...



EDICIÓN
A NOSA TERRA
ECUADOR, 12 - 7° E
36203 VIGO

A Revolución non
instaura o
"capitalismo" pero
abre paso a
organización
burguesa do
capitalismo

matizacións semánticas nos conceptos "burguesía", "ilustración", "capitalismo",..., que permitiran diluir as contradicións.

Así, Lefebvre identificaba a "burguesía" coa clase dirixente na instauración do capitalismo, posuidora dos medios de produción, etc... Se é así, Cobban pode lexitimamente dicir que a "burguesía" non se lanzou á Revolución ao mostrar que a "burguesía" revolucionaria constituíana os estratos de rendistas, terratenentes, oficiais, etc... O problema surge ao identificar "burguesía" con "capitalista". No fondo proveñen de caracterizacións distintas: a primeira designa un xeito de vida urbano, frente á Corte e ao Campo; a segunda, unha función social na produción. Boa parte dos capitalistas proceden da burguesía, pero algúns tamén da aristocracia; e os burgueses viviron en, e, do Antigo Réxime. A insuficiencia da caracterización no marxismo está na base da confusión, e da incompreensión, do problema. Aínda hoxe pesa sobre nós esa ambigüidade, e confundimos o "modo de vida burgués" e o "capitalismo", apesar de que incluso poden entrar en contradición.

Por outra banda, non vemos a necesidade do vencello entre produción capitalista e poder político da burguesía. A tese sobre o carácter revolucionario da burguesía pode e debe interpretarse matizadamente, dacordo cos recentes estudos empíricos. É dicir, que a burguesía *vilana* e o *campesinado* foron os verdadeiros axentes revolucionarios e que a burguesía *capitalista* e *ilustrada* non foi revolucionaria.

Non cremos que iso conleve a negación do carácter capitalista da Revolución, como sosteñen Cobban e Taylor, quen argumentan que o capitalismo funcionaba bastante ben no Antigo Réxime, que este propiciou a centralización e a destrución crecente de privilexios feudais, que a burguesía xa dirixía o país, que o feudalismo estaba liquidado, que a burguesía tiña, ademais, fácil acceso aos privilexios e ao ennobrecimento, que por iso foi a nobreza, e especialmente a nobreza "feudal", a que desenterrou o machado de guerra...; en suma, que a Revolución fíxose contra o capitalismo. Nós non queremos chegar aí. Non hai porqué reducir o "capitalismo" a unha pura relación social de *propiedade* nen tampouco á simples forma económica de

produción de plusvalía. Ou, se se prefire este purismo, non hai porqué confundir "modo de produción capitalista" con "sociedade capitalista". Ou sexa, a Revolución non instaura o "capitalismo", que xa existía antes; pero abre paso á organización burguesa (Estado burgués) do capitalismo.

Esta idea podería parecer extravagante e academicista, pero, en rigor, é un dogmatismo arbitrario pensar que a produción capitalista é indisolúbel dunha forma específica de organización política. Lefebvre e Cobban caen no mesmo prexuício. É obvio que o mecanismo de produción e distribución da plusvalía, que á súa vez admite variedades, é compatíbel con diversas formas de estado, do bonapartismo ao liberal, do fascismo á socialdemocracia, do presidencialismo ás ditaduras e democracias. O citado prexuício apóiase nun erro: establecer unha indisolúbel vinculación entre capitalismo-burguesía-democracia. E deste xeito ocúltase que a aposta dos ilustrados polo capitalismo (que, por outra banda, non foi unánime) non conleva a súa posición burguesa e moito menos a súa posición democrática. Porque a posición democrática non consistía en reivindicar os "dereitos civís" (que, por outro lado, reivindicábanos con moitas matizacións) senón os "dereitos políticos": a facer leis, a ser representantes, a ocupar maxistraturas, a dirixir a orde social... E estas reivindicacións non foron asumidas por nengun ilustrado (obviamente, non contamos a Rousseau entre eles).

Obxectividade e subxectividade da Revolución

Ante calquer crítica o marxismo ortodoxo ten unha defensa invulnerábel: a distinción entre "obxectivo" e "subxectivo" (a cal, por outra banda, é vizosa). Neste caso podería respostarse que, con efecto, *subxectivamente* a Ilustración non era "burguesa", que na súa defensa do progreso do espírito tiña connotacións aristocratizantes, pouco igualitarias, e aínda escasamente moralistas e contra da ideoloxía burguesa da igualdade civil, da moral do traballo, do ascetismo e do aforro; que a Ilustración non se identificaba coa moralidade abstracta kantiana ou rousseauniana, nen co xusticialismo legalista dos xacobinos... E que, apesar de



todo iso, a Ilustración foi *obxectivamente* revolucionaria, que a súa función decantouse do lado da burguesía. Agora ben, esta distinción é fecunda se se tira do contexto teleolóxico-mesiánico do esquema de Lefebvre. É dicir, a Ilustración non é *obxectivamente* revolucionaria pola súa "acción" sen conciencia de si, de xeito que estivese servindo, baixo a "astúcia a razón", a un fin que non era seu, senón ela do fin. Pero pode considerarse *obxectivamente* revolucionaria en tanto que a Ilustración ten un dobre programa: *crítica do existente*, as limitacións do Antigo Réxime á liberdade, felicidade e desenrolo da razón, e *crítica do eterno*, da "natureza humana", da "razón humana", do todo absoluto. Da primeira, como alternativa, derivábase unha función revolucionaria: contidos que recolleron durante a Revolución, dirixidos a *racionalizar* a orde social; da segunda, como alternativa, a Revolución non soupo coller cousa: tratábase de *racionalizar* o carácter, a attitude, a conciencia de si.



Por tanto, foi en canto á primeira función que a Ilustración resultou *obxectivamente revolucionaria*. O que ocorre é que esa función nen é específica, nen é comun aos ilustrados; en troques a outra, a xenuinamente ilustrada, a depuración do espírito do seu desexo absoluto, do seu amor a Deus, da sua cobiza de creer, da sua necesidade de consolación... non deixou pegada algunha na Revolución. Máis aínda, a esencia desta é en grande medida radicalmente anti-ilustrada.

Coido que nesta línea poderíamos encontrar unha alternativa fecunda e atractiva, se chegamos ao fondo, é dicir, aos conceptos mesmos de "burguesía" e "capitalismo". Levaríanos a distinguir "capitalismo" e "burguesía", a reflexionar sobre a relación complexa de ambos, sobre a complexidade interna de cada un... Poderíamos, incluso, chegar a pensar que o resultado da Revolución foi unha orde social que combinaba a produción capitalista, que xa existía, coa ideoloxía política burguesa, que se xerou no proceso. A

"vitória do Terciário" foi eminentemente xurídica (a Revolución foino esencialmente): a sua moral e a sua lei pasarían a gobernar o Estado, a xestionar o capitalismo e a desenrolalo. Porén, o poder económico seguiu en mans dos "notábeis", é dicir, a "alta burguesía" e a "nobreza" en tanto que propietarios da terra, do capital financeiro e, deseguida, do comércio e a industria: os capitalistas foron sustancialmente os mesmos antes e despois da revolución, pero a xestión do capitalismo pasou de ser aristocratizante a burguesa.

Podemos incluso pensar que tal combinación non conseguiu nunca a homoxeneidade das clases do bloque dominante: a distinción entre "alta", "média" e "pequena burguesía"; a distinción entre "gran capital" e "clases médias", etc... expresa esa constante diferenza. E incluso é fácil constatar que as clases capitalistas teñen mantido o seu aristocratismo, a sua visión estética do mundo, a sua relaxación

moral, o seu cepticismo, e aínda o seu cinismo, deixando para a burguesía o aparato xurídico-administrativo, o pedagógico, e os valores tradicionais de patriotismo, nacionalismo, legalismo, xusticialismo... Podemos, en fin, abrir así unha fronte de reflexión sen prexuícios que nos permita coñecer mellor o noso presente.

En conclusión, a nosa tese segundo a cal a *Ilustración non foi revolucionaria* e a *filosofía ilustrada non foi a ideoloxía da clase ou fracción de clase burguesa que levou a cabo a Revolución* colle dentro da interpretación Matheiz-Lefebvre-Seboul, sen dúbida a máis ambiciosa e fecunda, debidamente reformada, coa vantaxe de que permite assimilar os contidos críticos da tese Cobban-Taylor. Para iso basta con flexibilizar e historizar as categorías da sua hermenéutica. Así, matízase a idea da revolución como paso do feudalismo ao capitalismo, no senso seguinte: a Revolución supón a liquidación xurídica do Antigo Réxime, distínguese a este da orde feudal, incluso se lle concede o mérito de ter afortalado o desenrolo do capitalismo e un aparato de estado centralizado favorable a dito modo de produción. Sen chegar a aceptar que foi unha Revolución contra o capitalismo, non se pensa nela como efecto necesario do seu desenrolo.

Matízase a idea da burguesía como suxeito revolucionario ao precisar o concepto de "burguesía" polo xeito de conciencia e a función socio-económica, non basicamente pola propiedade. A burguesía así entendida sería "revolucionaria", xunto ao campesiñado; os grandes propietarios, nobres, ennobrecidos ou aínda plebeios, fose cal fose a sua atitude subxectiva, non foron como clase revolucionarios, pois non precisaban a Revolución para a sua hexemonía e a sua reprodución.

A tese dos filósofos ilustrados como ideólogos da burguesía é a que esixe meirande corrección. En fin, a caracterización do contido da Revolución polos "direitos civís", aínda que no fondo reforza a nosa tese, pois o "espírito ilustrado" non era unánime nen afervoadamente partidario da "igualdade xurídico-política" dos súbditos, tamén debería correxirse a meio dunha análise séria dos textos¹⁵⁾. ■

(15). Dous recentes traballos nosos serán próximamente editados polo Ateneo de Barcelona e a Universidade de Barcelona respectivamente.

A Revolución

supon a liquidación

xurídica do Antigo

Réxime